



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.: 148/2017

En Ribeira de Piquín, a 27 de setembro de 2017.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria de data 31 de agosto de 2017, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 209, do 11 de setembro de 2017.

Analizada a única solicitude presentada, e tendo en conta que cumpre cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, presentar os correspondentes méritos alegados así como a presentación de fotocopia do D.N.I, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Lastra Lodos, Laura Alicia	76.566.521-G	Non

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. María Cristina Pardo Otero, Traballadora Social do Concello de Abadín (Lugo).

Vogais:

D. Simón Castro Gavín, Técnico de Administración Xeral do Concello de A Pontenova (Lugo).

D. Oscar José Rodríguez López, Traballador Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).





Concello de Ribeira de Piquín

Secretario: O Secretario-interventor da Corporación, D. Juan Hernando Rosa Ruiz, ou membro en quen delegue que actuará con voz pero sen voto.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 29 de setembro de 2017 ás 09:30 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar á aspirante, que non acreditou o coñecemento do idioma galego, para realizar a proba escrita correspondente ás 10:00 horas do día 29 de setembro de 2017.

CUARTO.- Convocar á aspirante do citado proceso selectivo para a realización do exercicio da fase de oposición, ás 10:30 horas do día 29 de setembro de 2017.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 27 de setembro de 2017.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

